

Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque eólico Gato
Documentos:	Nova alternativa de deseño e documentacións complementarias
Localización:	Aranga, Oza-Cesuras e Coirós (A Coruña)
Promotor:	Greenalia Wind Power, SLU
Remitente:	Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
Data rexistro:	10.08.2021 (nova alternativa de deseño) e 02.12.2021, 19.09.2022 e 07.10.2022 (documentacións complementarias)
Expediente:	03.I.498.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3256/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 10.08.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Xefatura Territorial da Coruña da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación co que, en relación coa documentación presentada o 01.03.2021 e informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 09.04.2021 ("*Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Gato, en los términos municipales de Oza-Cesuras y Aranga (A Coruña), Febrero 2020*" e "*Proyecto Sectorial del Parque Eólico Gato, en los términos municipales de Oza-Cesuras y Aranga (A Coruña), Febrero 2020*"), se xunta nova documentación denominada "*Descripción y valoración de la nueva alternativa para el parque eólico Gato en los términos municipales de Aranga, Oza – Cesuras y Coirós (A Coruña). Agosto 2021*", na que se propón novo deseño do parque eólico ao obxecto de que se emita informe o correspondente informe.

O 02.12.2021 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, polo que se dá traslado da documentación complementaria remitida por Greenalia Wind Power, SLU en resposta ao requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 23.10.2021. Achégase o enlace para descargar o documento denominado "*Descripción y valoración de la alternativa definitiva para el parque eólico Gato en los términos municipales de Aranga, Oza – Cesuras y Coirós (A Coruña). Noviembre 2021*".

O 19.09.2022 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, polo que se dá traslado dunha nova documentación para complementar a documentación achegada o 02.12.2021 e facilítase o enlace para descargar o documento "*Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Parque eólico Gato. Aranga, Oza-Cesuras e Coirós (A Coruña). 2º Anexo á Memoria*".

O 07.10.2022 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un novo escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, polo que se dá traslado doutra nova documentación para substituír á documentación achegada o 19.09.2022 (por considerar que esta tiña unha errata) e facilítase o enlace para descargar o documento "*Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Gato. Coirós, Oza-Cesuras e Aranga. 1º Anexo á Memoria*".

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia atópase na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, entre outros, o seguinte antecedente:

- *Intervención de Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Gato (Aranga e Oza dos Ríos- Cesuras, A Coruña) (ED 102A 2017/608-0), dirixida polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, da empresa Equite, e promovida por Greenalia Wind Power SL autorizada O 26.12.2017 por este Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*
- *Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Gato, TT.MM. de Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña), Febreiro 2020 e Proxecto Sectorial Parque Eólico Gato, TT.MM. de Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña), Febreiro 2020, informados de xeito desfavorable pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 09.04.2021.*



- En xullo de 2021 e febreiro de 2022 teñen entrada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dous documentos asinados polo arqueólogo Antón Fernández Malde, da empresa Malde arqueoloxía, SL, realizados a petición da Asociación de Veciños Fervenzas-San Vicente, como alegación á construción do parque eólico. Tamén, en xuño de 2022 ten entrada o documento *Informe arqueolóxico do impacto sobre os bens culturais do Monte do Gato dos parques eólicos Felga, Gato e Penas Boas*, elaborado polo mesmo arqueólogo a petición da Alcaldía de Oza-Cesuras para o seu traslado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm.126, do 04.07.2022)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)

Análise dos documentos:

1.- *"Descrición e valoración da alternativa definitiva para o parque eólico Gato nos termos municipais de Aranga, Oza – Cesuras e Coirós (A Coruña). Novembro 2021"*

- Este documento, presentado o 02.12.2021, engloba, actualiza e complementa o documento anterior presentado o 10.08.2021. Describe un deseño, denominado alternativa definitiva, que consiste nun parque eólico de potencia total 25,2 MW formado por 5 aeroxeradores modelo Siemens Gamesa SG 145 (5,2 MW) ou similar, cunha altura de buxa de 127,5 m e un diámetro de rotor de 145 m (altura total 200 m).
- No apartado 3.3 da memoria, *Descrición xeral dos cambios introducidos na alternativa definitiva respecto á alternativa previamente informadas*, resúmense as modificacións máis importantes que consisten en:
 1. Cambio da proposta de acceso ao parque eólico. A proposta orixinal era co acceso desde o sur atravesando a necrópole de Monte do Gato mentres que na alternativa definitiva se accede polo norte a través do parque eólico Felga. O novo acceso xa non afectaría á Necrópole de Monte do Gato.
 2. Redución do número de aeroxeradores de 6 a 5, eliminando o aeroxerador AE-06, e recolocación dos aeroxeradores 2, 3 e 4.
 3. Adecuación de vieiros, gabias e plataformas.
 4. Recolocación da subestación do parque eólico, reducindo o impacto visual ao situarse a media ladeira e afastándoa da localización anterior onde podían existir restos arqueolóxicos.



5. Eliminación da zona de acopios nas inmediacións da subestación e utilización da zona de acopios do parque eólico Felga.
 6. Cambio do modelo de aerogenerador, pasando a instalar máquinas Siemens-Gamesa de 5,2 MW de potencia unitaria con 127,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, no lugar das previstas no documento anterior que tiñan unha potencia de 4,2 MW con 112 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor.
- No apartado 5 *Análise paisaxístico* indícase que se procedeu a ampliar o estudo paisaxístico en relación co patrimonio cultural, tendo en conta a nova disposición dos aerogeneradores e o resto dos parques eólicos que se están a tramitar na zona. Este apartado inclúe descrición dos elementos do patrimonio cultural e análise da afección visual aportando recreacións infográficas, así como un estudo sinérxico tamén con infografías.
 - Xúntase ao documento un anexo denominado “*Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Gato. Coirós, Oza-Cesuras e Aranga*” asinado, en novembro de 2021 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira. Neste documento inclúese unha táboa con 31 elementos do patrimonio cultural, se ben 30 deles non estarían afectados polas obras e unicamente un deles presenta impacto, cualificado no documento como impacto como severo.

Código	Nome	Axente de Impacto	Impacto
GA15063063	Mámoa 20 do Monte do Gato	Vial a 2 m ao leste-norleste	Severo

- Como bens de carácter arquitectónico e etnolóxico soamente se identifica o Camiño do Fervencedo (E-2) a máis de 340 m dun vial.
- Neste documento faise referencia a alegacións nas que se cita a posible existencia na zona dun Camiño Real. Respecto a este posible Camiño Real, o arqueólogo o describe actualmente como unha pista de zorra que foi utilizada tanto polos comuneiros e veciños como polos usuarios dun vertedoiro que existiu no monte e non foi posible detectar tramos orixinais debido ao deterioro do mesmo e continuas as diferentes reformas.
- Tamén fai referencia á existencia de valados e muros de pedra de escaso porte e técnica sinxela e se recomenda respectalos o máximo posible e restituír os tramos que teñan que ser desprazados en caso de ampliación de camiños.
- En diferentes puntos do informe evidénciase a existencia de áreas cunha densa vexetación, que impide, ou cando menos dificulta, a correcta realización dunha prospección intensiva. Proba desta dificultade é a localización en zonas próximas, como na poligonal deste parque, de novos xacementos non incluídos nas primeiras Avaliacións de Impacto, atopados tras a execución de talas e rozas en zona previamente prospectadas.

2.- “*Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Parque eólico Gato. Aranga, Oza-Cesuras e Coirós. 2º Anexo á Memoria*”

- Este documento, presentado o 19.09.2022, e asinado en agosto de 2022 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, redáctase co fin de valorar a afección ao patrimonio cultural producida polos novos cambios introducidos no deseño do parque eólico, a raíz do coñecemento da existencia dun novo xacemento tumular o túmulo 21 de Monte do Gato (GA15063068). Asemade, incorpora novas medidas de reforzo e información complementaria no caso doutro impacto xa coñecido (túmulo 20 da necrópole de Monte do Gato GA15063063).

Os cambios introducidos consisten en:

- Modificación do trazado do vial eixe 01 entre os PP.QQ 0+800 e 1+200, adaptándoo ao camiño forestal existente, reducindo os seus desmontes, substituíndo gran parte das remocións previstas por aportes de terras e en xeral restrinxindo as ocupación e ampliacións puntuais ao lateral oriental do camiño.



- Eliminación do aeroxerador AE-03 e o seu vial de acceso, para evitar a afección ao novo elemento aparecido, túmulo 21 da necrópole de Monte do Gato (GA15063068).
- Cambio do modelo de aeroxerador, pasando a instalar máquinas Siemens-Gameasa de 6,6 MW de potencia unitaria con 115 m de altura de buxa e 170 m de diámetro de rotor, no lugar das previstas no documento da alternativa definitiva remitido o 02.12.2021, que tiñan unha potencia de 5,2 MW con 127,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor.
- Adecuación de viais e gabias de cableado para a nova alternativa e novo modelo de aeroxerador.
- Para corrixir o impacto da afección do vial de acceso común, o documento inclúe medidas correctoras para o elemento novo, con impacto moderado, e de reforzo para o outro elemento, con impacto severo, medidas baseadas na minimización das remocións de terras e nos recheos para nivelación de rasantes, ampliando o ancho e executando a gabia polo lado contrario dos elementos.
- Asemade indícase que nos puntos de cruzamento do vial cos diferentes camiños antigos ao longo da dorsal do Monte do Gato respectarase a transitabilidade destes, para que se poidan seguir empregando como accesos tradicionais, sobre todo no caso entre os aeroxeradores AE-04 e AE-05, pola posible coincidencia cun hipotético Camiño Real.

3.- "Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Gato. Coirós, Oza-Cesuras e Aranga. 1º Anexo á Memoria"

- Este documento, presentado o 07.10.2022, e asinado en setembro de 2022 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, achégase para substituír ao documento anterior xa que, segundo o promotor, foi detectada unha errata. Achégase tamén un novo arquivo shape co deseño definitivo proposto.

As diferencias principias co anterior documento son:

- Unha nova modificación do trazado do vieiro eixe 01 entre os PP.QQ 0+550 e 0+800 para afastalo do túmulo 20 do Monte do Gato (GA15063068).
- Modificación do trazado do vieiro entre o AE-02 e o AE-03 para rebaixar a afección ao novo elemento aparecido, túmulo 21 da necrópole de Monte do Gato (GA15063068).
- Nova proposta reforzada de medidas correctoras entre as que se inclúe a realización de sondaxes mecánicas ao longo do trazado do novo viario, na zona do túmulo 21 da necrópole de Monte do Gato (GA15063068). Control do replanteo e dos desbroces previos á apertura dos vieiros na zona dos xacementos. Balizamentos estables dos laterais do viario e a inclusión dos xacementos impactados dentro do proxecto global de posta en valor proposto no seu momento para o parque, coa realización de restitucións puntuais da masa tumular do (GA15063063).
- Tamén se envía unha xustificación técnica da alternativa elixida para o vieiro. No documento asinado polos enxeñeiros Ramiro Costa Casas e María Moreno Martínez explícanse as dificultades técnicas e o maior impacto ambiental que implicaría a construción de calquera outra variante que non aproveite a pista existente.

Unha vez analizada a documentación presentada, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na zona de afección das infraestruturas eléctricas existen bens integrantes do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados na "Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Gato. Coirós, Oza-Cesuras e Aranga" asinado, en novembro de 2021 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira e no seu 1º Anexo á Memoria, asinado en setembro de 2022, que recolle as modificacións introducidas no proxecto.



- O parque eólico Gato está proxectado nunha área de especial riqueza arqueolóxica no sector noroccidental da necrópole de Monte do Gato, unha gran concentración tumular distribuída ao longo da dorsal do mesmo nome. Este conxunto arqueolóxico presenta unha especial concentración de xacementos no sector sueste da serra, aínda que existen túmulos espallados ao longo de toda a dorsal, como o túmulo 20 do Monte do Gato (GA15063063) ou o recentemente localizado túmulo 21 do Monte do Gato (GA15063068).

Esta presenza tumular resulta indicativa dunha ocupación temperá do espazo no que pretende instalar a nova infraestrutura eólica, polo que resulta altamente probable que durante o desenvolvemento dos traballos podan localizarse novos restos arqueolóxicos. Esta previsión inclúe tanto a localización de novos xacementos ocultos polo manto vexetal ou que se atopen enterrados, como pasa coas concentracións de materiais ou cos asentamentos prehistóricos, e que as obras poden deixar á vista.

- Respecto aos muros de cachotaría tradicional, executados coa técnica de pedra en seco, aos que se fai referencia na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural e que se poden ver afectados, non se reflicten na cartografía polo que non se pode valorar previamente a afección. Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.
- Na zona, ademais dos elementos recollidos no documento de Avaliación, temos mención da existencia dun topónimo, Campo de Cruz Xaneiro (TO15063003) e dunha referencia a un camiño, o Camiño de Cruz de Campo Xaneiro RE15063009. Ambos aparecen recollidos no documento "Informe arqueolóxico do impacto sobre os bens culturais do Monte do Gato dos parques eólicos Felga, Gato e Penas Boas" elaborado polo arqueólogo Antón Fernández Malde, da empresa Malde arqueoloxía, SL, a petición da Alcaldía de Oza-Cesuras para o seu traslado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, onde ten entrada en xuño de 2022.
- No citado documento do arqueólogo Antón Fdez. Malde identifícanse unha serie de referencias a camiños históricos entre os que se encontra o Camiño do Monte do Gato. Segundo este documento, trátase dun camiño que xa aparece representado nos anos 20 e 40 do século XX e discorre polos cumios do Monte do Gato bifurcándose para sortear o Pico Felga.

Na análise da distinta cartografía e fotografía aérea pódese apreciar a existencia dun camiño hoxe en día que conecta, a través do Monte do Gato, as estradas N-VI e AC-230 e que segue o trazado do camiño antigo tradicional identificado polo arqueólogo Antón Fdez. Malde, se ben, incorporado e adaptado a pistas actuais.

Os aeroxeradores AE-03, AE-04 e AE-05 deséñanse interceptando este camiño existente coas súas plataformas, se ben, na documentación remitida o 19.09.2022 e substituída pola presentada o 07.10.2022, o aeroxerador AE-03 elimínase pola afección ao novo elemento aparecido e indícase que se dará continuidade aos camiños tradicionais para manter o seu uso.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, infórmase de xeito **favorable** o deseño da alternativa definitiva para o parque eólico Gato, segundo o recollido no documento presentado o 02.12.2021 "Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Gato. Coirós, Oza-Cesuras e Aranga", asinado en novembro de 2021 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira e as modificacións recollidas no seu 1º Anexo á Memoria, asinado en setembro de 2022 e presentado o 07.10.2022, coas cautelas establecidas neses documentos e en todo caso cos seguintes condicionantes:

- A planimetría de obra deberá recoller todos os elementos de interese patrimonial existentes



dentro da poligonal, así como os seus contornos de protección, tamén se incluíran todos aqueles elementos que puidesen aparecer durante os traballos previos de roza o durante os traballos de construción.

- Previamente ao acondicionamento e construción do vieiro situado no contorno de protección do túmulo 21 do Monte do Gato (GA15063068) será necesario levar a cabo unha actuación de sondaxes arqueolóxicas valorativas manuais, que terá unha especial incidencia na zona máis próxima ao túmulo, así como no sector situado ao sur-sueste do mesmo, unha ampla portela cunha alta potencialidade arqueolóxica.

Unha vez valorada arqueoloxicamente a traza deste vieiro, e no caso de que as sondaxe resulten infrutuosas dende o punto de vista arqueolóxico, procederase a realizar a súa apertura controlada levando a cabo a retirada secuencial dos niveis que conforman a estratigrafía do actual camiño estes traballos serán controlados a pe de obra polo equipo arqueolóxico.

- Tamén será necesario levar a cabo unha actuación de sondaxes manuais no contorno de protección do túmulo 20 do Monte do Gato (GA15063063), e presentará características similares ás descritas para o túmulo 21, incluíndo a apertura por niveis estratigráficos controlada arqueoloxicamente. Unicamente no caso de que finalmente non se realicen movementos de terra de ningún tipo, realizando a ampliación do camiño unicamente mediante aportes, poderíase prescindir destas.
- Queda prohibido o uso do camiño que dende o futuro parque chega á zona da necrópole de Monte do Gato. Esta prohibición inclúe calquera tipo de obra de acondicionamento, mellora, ampliación ou reparación. Será responsabilidade directa da dirección de obras calquera traballo que alí se execute, sen permiso explícito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, usando maquinaria, persoal ou materiais da obra.
- A execución dos aeroxerador AE04 e AE05 e do vial interno do parque eólico deberá ter presente o camiño tradicional existente e respectar a súa continuidade en todos os puntos de cruce para permitirlle seguir manténdose en uso, tal como se indica na documentación remitida.
- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.

Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso e procederase á súa reintegración e remate axeitado.

- Por último e tal e como se recolle entre as medidas correctoras propostas na documentación remitida pola promoción, será necesario realizar, a modo de medida correctora xenérica e como medida paliativa sobre o impacto xerado sobre o contorno da necrópole de Monte do Gato realizar un proxecto de posta en Valor da mesma que inclúa os túmulos 20 e 21 e as medidas específicas propostas para estes xacementos no 2º Anexo á Memoria. En todo caso hai que entender a posta en Valor como un proxecto de protección, difusión e valorización da necrópole tumular e o seu contorno, asinándose un compromiso de mantemento, limpeza e difusión durante o tempo de uso da infraestrutura eólica.

Respecto do proxecto sectorial

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do Parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse coa totalidade do inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto sobre os mesmos e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios. As modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.





- Os contornos de protección dos bens arqueolóxicos serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberán referirse as normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Asemade os concellos afectados deberán integrar os novos xacementos arqueolóxicos, unha vez identificados e contrastados, nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela

*Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o Parque eólico Gato
Aranga, Oza-Cesuras e Coirós (A Coruña)
Alternativa definitiva e Documentación complementaria*

